

CONCELLERÍA
DE
DEPORTES

ALCALDÍA



fundación
V
O
M
deporte

vide



Competición “Vigo en Xogo”

Organiza:

“AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO”

Normas xerais
Regulamento

2011 - 2012

COMPETICIÓNS DEPORTIVAS E RECREATIVAS NON FEDERADAS



Competición

“ Vigo en Xogo ”

2011 - 2012

**COMPETICIÓN DEPORTIVAS E RECREATIVAS
NON FEDERADAS**

ÍNDICE

- 1 NORMAS XERAIS**
 - 1. 1 **Introdución**
 - 1. 2 **Notificacións, taboleiro de anuncios e paxina web**
 - 1. 3 **Regulamentación**
 - 1. 4 **Condições de participación**
 - 1. 5 **Preinscrición e nscrición**
 - 1. 6 **Idades**
 - 1. 7 **Xogadores/as**
 - 1. 8 **Xogadores/as federados**
- 2 NORMAS TÉCNICAS ESPECÍFICAS**
 - 2. 1 **Delegados/as dos equipos**
 - 2. 2 **Funcións e obrigas dos/das delegado/as**
 - 2. 3 **Retirada ou expulsión do/s delegado/a**
 - 2. 4 **Xogadores/as de baixa polo seguro deportivo**
 - 2. 5 **Cambio de nome do equipo**
 - 2. 6 **Desenvolvemento**
 - 2. 7 **Sistema de xogo**
 - 2. 8 **Campos de Fútbol 7 e pavillóns**
 - 2. 9 **Encontros**
 - 2.10 **Duración dos encontros**
 - 2.11 **Ascensos e descensos**
 - 2.12 **Licenzas**
 - 2.13 **Revisión das licenzas**
 - 2.14 **Puntualidade**
 - 2.15 **Vestimenta**
 - 2.16 **Balóns**
 - 2.17 **Bancos**
 - 2.18 **Adornos, lentes, aparellos**
- 3 REGULAMENTACIÓN DOS DEPORTES**
- 4 PETICIÓN DE DATAS, HORARIOS OU APRAZAMENTOS**
- 5 NORMAS XERAIS DAS FALTAS**
 - 5. 1 **Carácterísticas xerais**
 - 5. 2 **Especificación das faltas**
 - 5. 3 **Tipos de sancións**
- 6 REGULAMENTO XERAL DAS SANCIÓN**
- 7 SANCIÓN POR CARTÓN**
- 8 SANCIÓN POR ACUMULACIÓN DOS CARTÓN**
- 9 SANCIÓN POR ALIÑACIÓN DE FEDERADO/S OU DOS SANCIONADOS CUN MAXIMO DE TRES ENCONTROS**
- 10 NON PRESENTACIÓN**
- 11 SANCIÓN POR NON PRESENTACIÓN**
- 12 SUSPENSIÓN**
- 13 ACLARACIÓN / RECLAMACIÓN**
- 14 RECURSOS**
- 15 PERMUTA DAS SANCIÓN**
- 16 REGULAMENTO DAS SANCIÓN**
- 17 SANCIÓN ECONÓMICAS**
- 18 PAGAMENTO DAS SANCIÓN**
- 19 EXPULSIÓN POR ACUMULACION DOS CARTÓN**
- 20 EXPULSION/S POR ALIÑACION/S INDEBIDA/S OU CONSTAR NA ACTA**
- 21 BAIXAS E EXPULSIÓN DE EQUIPOS.**
- 22 COMISIÓN DE PARTICIPACIÓN**
 - 22.1 **Compoñentes**
 - 22.2 **Nomeamentos**
 - 22.3 **Competencias**
 - 22.4 **Reunións**
- 23 COMITÉ DE COMPETICIÓN**
- 24 COMITÉ DE APELACION**
- 25 ÁRBITROS**
 - 25.1 **Obrigas**
 - 25.2 **Regulamentación**
 - 25.3 **Anexos**
- 26 INCOMPARECENCIA ARBITRAL**
- 27 SEGURO DOS ACCIDENTES DEPORTIVOS**
 - 27.1 **Condições particulares**
 - 27.2 **Coberturas por asegurado**
 - 27.3 **Asegurados**
 - 27.4 **Cobertura e riscos cubertos**
 - 27.5 **Asistencia sanitaria**
 - 27.6 **Declaracións dos sinistros**
 - 27.7 **Cumprimentación do parte de accidente**
 - 27.8 **Riscos excluídos**
- 28 BAIXA E ALTA MÉDICA**
- 29 USO INDEBIDO DO SEGURO**
- 30 DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

1 NORMAS XERAIS

1.1 INTRODUCIÓN

Esta competición **DEPORTIVA RECREATIVA NON FEDERADA** para o fomento e práctica do deporte afeccionado nace dunha idea do **Concello Vigo** e da “**Agrupación Deportiva Vigo**“ no ano 1992, coñecéndose hoxe en día como “**Vigo en Xogo**“.

Dende o ano 2006, a “**Agrupación Deportiva Vigo**“ é membro da **Asociación Española de Fútbol 7. non federado**.

1.2 NOTIFICACIONES, TABOLEIRO DE ANUNCIOS E PÁXINA WEB

a) A organización **non** avisará aos equipos que teñan xogadores sancionados por **acumulación de tarxetas**. Todas as semanas se poden consultar os comités de competición e apelación, tanto nos taboleiros de anuncios desta organización, sitos no Instituto Municipal dos Deportes, (**IMD**) como na páxina web **www.vide.es** da Fundación Vigo en Deporte (**VIDE**).

b) Só avisarase telefónicamente a aqueles/as participantes que sexan sancionados pola organización o polo comité de apelación.

c) As únicas programacións validas son as que se expoñen nos taboleiros de anuncios (**IMD**), e da paxina **web**, onde se reflictan os encontros programados, a partir das 19,30 dos mércores, e tamen as resolucións da organización e comités de competición e apelación os martes e xoves.

d) Na páxina **web**, tamén se poñen as normas xerais e regulamento, calendarios, clasificacións e avisos.

1.3 REGULAMENTACIÓN

a) A regulamentación que rexe esta competición é a presente normativa; e o seu cumprimento é seguido pola Organización, Comité de Competición e Comité de Apelación, os cales poderán actuar de oficio en toda momento e lugar para esclarecer ou sancionar calquera feito producido no transcurso da competición e sen suxeición de prazo.

b) A inscrición nesta competición leva consigo a aceptación polos participantes das normas xerais e disposicións recollidas no presente regulamento, así como aquel outro que a organización pode aprobar ao longo da tempada.

c) O regulamento técnico aplicado a cada deporte é o marcado pola federación deportiva correspondente; enténdese por regulamento técnico aquel que especifica e regula as causas propias do xogo, coa salvidade dos puntos que se indican na presente normativa, así como o regulamento de xogo desta competición, que prevalecerán sobre o regulamento de calquera federación.

d) A potestade disciplinaria da “**Agrupación Deportiva Vigo**“ exercidas pola Organización, Comité de Competición e Comité de Apelación, esténdese a todas as persoas que estean dentro da súa estrutura orgánica, sobre os clubs deportivos, equipos e os seus delegados/as, xogadores, xuíces árbitros, oficiais de mesa, e en xeral a todas aquelas persoas que estean vinculadas de forma directa ou indirecta en todas as actividades que organiza.

1.4 CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

a) Nesta **Competición Recreativa Non Federada** poderán participar todas as asociacións, clubs, entidades e todos as persoas que o desexen de forma colectiva, sempre que se inscriban nos prazos establecidos e o permitan as posibilidades da organización.

b) Para adquirir a condición de participante deberán cumprirse todos os requisitos esixidos pola organización.

c) No caso de que un/s integrante/s dun equipo que fose expulsado na/s tempada/s anterior/es polo uso incorrecto da/s instalación/s deportiva/s, unha vez cumprida a súa sanción, e queira volver a participar en calquer competición que organice a “**Agrupación Deportiva Vigo**”, terá que aboar o total ou a parte proporcional que lle correspondía dos gastos que orixinou. Así mesmo tamen terá que depositar unha fianza de **100,00.-€**.

A fianza lle serálle devolta cando deixe de participar, sempre que nin él, nin os seus compañeiros do equipo ou acompañantes non contraveñan outra vez a causa pola que foi expulsado.

1.5 PREINSCRICIÓN E INSCRICIÓN

a) A preinscrición e inscrición terá que facela a persoa responsable do equipo. Todos os equipos terán que facer a preinscrición e presentar a súa documentación nos prazos e formas establecidos pola organización,

b) Despois de facer a preinscrición e aboar a fianza, se o equipo causa baixa non terá dereito á devolución desta.

c) No caso de falseamento nos datos da preinscrición ou inscrición, licenza/s ou calquera outro documento relacionado conha competición, será responsable da veracidade desta a persoa responsable do equipo, así como o/s xogador/es que conste/n na dita documentación.

d) A inscrición nesta competición outórgalle ás e aos participantes os seguintes dereitos e debeis: Pagamento dos gastos xerais da organización, colaboradores, arbitrxes e alugeiro de instalacións; información periódica sobre o desenvolvemento da competición e cobertura de atención médica polas lesións que poidan sufrir as e os participantes durante os encontros e segundo as condicións específicas da póliza do seguro de accidentes.

1.6 IDADES

a) As e os participantes terán que ser maiores de idade; En caso excepcional permítese a incorporación só de dous xogadores/as menores de idade por equipo, (16 - 17 anos) neste caso o pai/nai ou tutor/a legal terá que cubrir no impreso oficial desta agrupación unha autorización, e entregar unha **copia compulsada** do seu DNI. O impreso ten que ser asinado tamén pola persoa responsable do equipo.

b) Na División de Honra (maiores de 30 anos), só poden participar un máximo de tres xogadores por equipo que teñan 28 ou 29 anos.

1.7 XOGADORES/AS

a) Non se poderá inscribir ningún **xogador federado** de: baloncesto, voleibol, balonmán, fútbol sala, fútbol 7 e fútbol 11, estea ou non en activo se non cumpre o establecido no **apartado 1.8**.

b) Non se pode cambiar de equipo dentro da súa modalidade deportiva na mesma tempada.

c) O/s delegados/xogadores ou xogadores/as só poderán xogar en dous deportes diferentes baloncesto e fútbol sala ou baloncesto e fútbol 7. No caso de xogar nos dous deportes, deberá ter licenza e seguro deportivo para cada un deles.

d) Todos os xogadores de **fútbol sala** e **fútbol 7** terán que usar obrigatoriamente un **protector** das **canelas** as cales teñen que estar totalmente cubertas coas medias, e estar feitas dun material apropiado (goma, plástico, poliuretano ou outra substancia similar).

c) Esta terminamente prohibido o uso de tacos metálicos.

1.8 XOGADORES FEDERADOS

a) O/a xogador/a federado/a en **baloncesto e voleibol** non pode/n xogar a **baloncesto**.

b) O/a xogador/a federado/a en **balonmán, fútbol sala, fútbol 7 e fútbol 11**, non poden xogar en **fútbol sala** nin a **fútbol 7**.

2 NORMAS TÉCNICAS ESPECÍFICAS

2.1 DELEGADO/AS DOS EQUIPOS

Cada equipo só poderá ter un máximo de **tres** delegados repartidos en, delegado/as ou delegado/s/xogador/es, pero só un exercerá as funcións de **responsable do equipo**. Unha vez cuberta a folla de inscrición co nome do/a responsable, o equipo que desexe cambialo/a terá que notificalo por escrito a organización, tendo que ser sempre asinado o dito escrito polo/a anterior responsable, no caso de non ser así o escrito terán que asinalo os outros dous delegados/as ou delegados/xogadores, así como polo 90 % dos compoñentes do equipo.

2.2 FUNCIÓNS E OBRIGAS DOS DELEGADO/AS

a) Pola súa especial responsabilidade deberán dar exemplo ante os seus xogadores/as e acompañantes, serán os responsables de todos eles, e terán que velar que todos cumpran as normas establecidas respecto as instalacións, así como nas deste regulamento referente dos feitos antideportivos co fin de que impere a boa orde de todos, antes, durante ou despois do encontro, tanto no campo de xogo como fóra del, para o que colaborarán co árbitro, oficial da mesa, responsable/s da/s instalación/s e membros da organización ou comités cando sexan requiridos.

b) O/a responsable do equipo é a única persoa que legalmente representa ao equipo ante a organización, cos dereitos e obrigas que tal representación lle outorga.

c) O/a responsable do equipo terá que tramitar a inscrición e dilixenciar as licenzas ante a organización; velará pola veracidade dos datos nelas contidos, e que estas se axusten as normas e regulamento da competición.

d) O/a responsable, o delegado/a ou delegado/xogador será **só** a persoa autorizada para dirixirse, presentar suxestións, aclaracións, reclamacións e interpor recursos na defensa dos intereses do seu equipo ante a organización ou comités de competición e apelación.

e) O/a delegado/a non pode xogar e só poderá ter licenza para unha modalidade deportiva. Só o delegado/xogador pode xogar e exercer as dúas funcións.

f) Para comezar o encontro, sempre ten que estar presente unha/un delegado/a de cada equipo, (responsable, delegado/a ou delegado/xogador). Se non se presenta ningún deles poderá exercer as funcións de delegado durante todo o encontro un xogador, tendo este que permanecer no banco sen cambiarse. Tamen poderá exercer á dita función un xogador/a que estea de baixa, sempre que cumpra o establecido no **apartado 2.4 b**.

g) O delegado no encontro coa debida antelación, antes do comezo, terá que lle presentarlle ao árbitro as licenzas dos xogadores que están presentes nese momento, identificandoos co seu número de dorsal. Cuberta a acta con estes datos terá que asinala, coa súa asinatura certificara que os xogadores estan presentes na instalación deportiva. No caso de chegar tarde (**minutos de cortesía**), terá que asinala no descanso ou a finalización do encontro.

h) No caso de que o árbitro do encontro non retirara a licenza do/s sancionado/s ou que algun fora sancionado pola organización, ou comites de competición ou apelación, o/a responsable do equipo ou calquera outro delegado/a, terá que entregar a/s licenza/s na sede da organización do/s sancionado/s, no prazo establecido no presente regulamento, **artigo 16, apartado 1**.

i) Quen faga de delegado no encontro comunicaralle ao árbitro calquera lesión do/s seu/s xogador/es para que o faga constar no acta, solicitaralle o parte de sinistro para o seguro médico deportivo, e no caso de extrema gravidade será o responsable de chamar a ambulancia que esta concertada co seguro.

Quen faga de delegado no encontro terá que facer cumprir as normas seguintes

1.) Que os seus xogadores ou acompañantes cumpran as normas establecidas, respecto ao uso e conservación das instalacións deportivas.

- 2) Que os seus xogadores ou acompañantes non **fumen**, consuman **bebidas alcohólicas** ou coman **pipas**, nos campos de fútbol 7, pavillóns, bancos e vestiarios.
- 3) Terá que presentarlle ao árbitro antes do comezo do encontro, un **balón** en boas condicións e que reuna as características aprobadas pola organización
- 4) Que, o/s seus xogador/es saian a xogar debidamente uniformados.
- 5) Que, os xogadores que non están a xogar estean sentados no banco.
- 6) Que, non deixe estar no banco o ao arredor, calquera integrante do equipo que non conste/n na acta, que fora/n expulsado/s no encontro, que xá está/n sancionado/s, así como calquera outra persoa que non pertenza ao equipo.
- 7) Que, o/s seu/s xogador/es, non quece/n co balón/s polas bandas ou no medio dos campos (**fútbol 7**), ou dentro do pavillón mentres estean xogando outros equipos.
- 8) Que, os seus acompañantes non estean no medio dos campos (**fútbol 7**) mentres está xogándose o encontro.
- 9) Polo incumprimento das súas obrigas o delegado/a no encontro, será sancionado dende **amonestación** a expulsión dende **unha a catro** tempadas.
- 10) Se polo incumprimento das súas obrigas estas puidesen provocar accións que fixeran perigar a integridade física do xuíz árbitro, oficial da mesa, persoal das instalacións, membros da organización, comités, xogadores ou acompañantes do equipo propio ou contrario será sancionado dende **cinco** encontros a **expulsión** ata **catro** tempadas, poderán tamen ser expulsados todos os compoñentes do equipo polo memo tempo.

2.3 RETIRADA OU EXPULSIÓN DO/AS DELEGADO/AS

- a) No caso de que un equipo teña sancionados os tres delegado/as, pode solicitar unha autorización para que un máximo de dous xogadores fagan as funcións de delegado/xogador. Esta autorización eventual rematará cando vaian cumprindo as sancións os titulares.
- b) No caso de que un equipo se quede sen responsable ou delegados pola súa retirada ou expulsión, o equipo poderá solicitar só un novo nomeamento de responsable delegado/a ou delegado xogador. Se este novo cargo é sancionado coa súa expulsión, o equipo tamén será **expulsado**.

2.4 XOGADORES/AS DE BAIXA POLO SEGURO DEPORTIVO

- a) O delegado/xogador ou xogador/a, que estea de baixa polo seguro deportivo non poderá xogar, en caso de facelo terá a consideración de aliñación indebida, **artigo 20**.
- b) No caso de que un equipo por causas de forza maior ou polas sancións ou baixas non poida contar co delegado/a ou delegado/xogador, e non teña o número suficiente de xogadores para xogar o encontro, un lesionado poderá facer a dita función tendo que presentarlle ao árbitro, o seu DNI, pasaporte ou carné de conducir oriixinal, tendo que permanecer no banco sen cambiarse.

2.5 CAMBIO DE NOME DO EQUIPO

Unha vez comezada a competición non se pode cambiar o nome do equipo.

2.6 DESENVOLVEMENTO

- a) A competición lévase a cabo en pavillóns e campos municipais, así como nas instalacións que a organización poida alugar.
- b) Os encontros de forma xeral terán lugar nas fins de semana, ben sexa o sábado ou domingo coas programacións seguintes:

BALONCESTO,	sábados dende as:	13,00 ata as 21,00 horas
	domingos dende as:	8,30 ata as 21,00 horas
FÚTBOL SALA E FUTBOL 7	sábados dende as:	13,00 ata as 21,00 horas
	domingos dende as:	9,00 ata as 21,00 horas

c) En casos excepcionais ou por necesidades organizativas pódese variar esta norma, tendo que xogar os venres ou sábados pola noite ou noutros horarios e datas.

2.7 SISTEMA DE XOGO

BALONCESTO

Liga a dobre volta. Os primeiros 5 clasificados de cada división xogaran unha liguilla a un encontro polo título e os 6 restantes da primeira e segunda división, xogan polos postos de descenso. Na terceira división xogaran para os postos de clasificación. Se xogara un Trofeo de Copa con eliminación directa.

FÚTBOL SALA - FÚTBOL 7

Liga a dobre volta. No caso que algunhas grupos ou categorías queden con menos equipos, por expulsións ou outras causas se xogara /n unha/s liguilla/s sistema Copa

2.8 CAMPOS DE FUTBOL 7, E PAVILLÓNS

a) Está terminantemente **prohibido fumar**, consumir **bebidas alcohólicas** e comer **pipas** nos campos de futbol 7, pavillóns, bancos e vestiarios. O delegado no encontro e todos os compoñentes do equipo son os responsables dos seus acompañantes, os cales tamén están suxeitos a cumprir esta norma.

b) Todos os participantes e os seus acompañantes están obrigados ao cumprimento das normas de uso e conservación das instalacións deportivas; serán responsables dos danos causados nelas, na persoa, bens ou propiedades dos outros participantes, membros da organización, persoal das instalacións e xuíces árbitros derivados de calquera tipo de conduta violenta ou antideportiva.

c) No caso de producirse algún acto vandálico causando algún deterioro nas instalacións e non se saiba quen foi o/a culpable/s, faranse responsables a todos os equipos que xogasen ata o momento de ter coñecemento dos ditos deterioros. Estes equipos terán que facerse cargo de todos os gastos dos danos causados.

d) No caso de que algún equipo non queira facerse cargo dos gastos orixinados todos os seus compoñentes serán **expulsados** dende **unha a catro** tempadas. No caso de querer voltar a participar unha vez cumprida a sanción imposta, terán que cumprir o establecido no **artigo 1, apartado 1.4 c.**

e) Nos terreos de xogo está terminantemente **prohibido** que estean os **acompañantes** mentres se esta a xogar.

f) Nos campos de fútbol 7 que están próximos, non se pode quecer co/s balón/s no medio deles nin polas bandas. Tampouco podera facerse nos pavillóns mentres estean a xogar outro/s equipo/s.

g) Dende a finalización do último encontro, as duchas só poden estar abertas un máximo de **15/20** minutos. **NORMAS XERAIS DAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS**

h) **Nin a organización nin os responsables das instalacións deportivas se farán cargo de calquera dano que poidan sufrir os acompañantes e os nenos/as por estar nos bancos ou no terreo de xogo. Tampouco se farán cargo dos furtos que poidan ter lugar nos vestiarios, bancos, pavillóns e terreos de xogo.**

2.9 ENCONTROS

a) O número mínimo de xogadores para poder comezar un encontro será o seguinte: baloncesto e futbol sala **cinco**, e futbol 7 **seis**.

b) O encontro rematará cando por calquera feito un equipo quede no terreo de xogo con: **un** xogador en baloncesto, con **tres** en fútbol sala ou con **catro** en fútbol 7.

De estarnos neste caso, e ir o equipo infractor empatado ou gañando, daráselle o encontro por perdido por **2 a 0** en baloncesto e por **1 a 0** en fútbol sala e fútbol 7, e de ir perdendo o resultado será válido.

c) Se un/s xogador/es chega/n mentres se está a xogar o primeiro tempo ou antes do comezo de segundo, este/s poderá/n xogar. O/a delegado/a do equipo no encontro, entregara no descanso a/s licenza/s ao árbitro para que o/s apunte/n na acta. De non facelo, considerarase **aliñación indebida, artigo, 20.**

2.10 DURACIÓN DOS ENCONTROS

a) **Baloncesto:** dous tempos de **25** minutos cada un con **5** minutos de descanso; os derradeiros **3** minutos do segundo tempo serán a reloxo parado. **No caso de que un equipo leve unha vantaxe de 15 puntos, os derradeiros 3 minutos serán a reloxo corrido.**

b) Na/s prórroga/s, os **dous** derradeiros minutos serán a reloxo parado. O/s encontro/s que se xogue/n despois no/n terá/n descanso.

c) **Fútbol Sala e Fútbol 7:** dous tempos de **25** minutos cada un con **5** minutos de descanso.

d) **En caso de forza maior (atraso no comezo do encontro) estas normas pódense variar para axustar o horario establecido pola organización.**

2.11 ASCENSOS E DESCENSOS

BALONCESTO		1ª División	baixan	3
“		2ª “	ascenden	3 e baixan 3
“		3ª “	ascenden	3
FUTBOL SALA		1ª División	baixan	4
“	“	2ª “	ascenden	2 de cada grupo
“	“	2ª “	baixan	4 “ “ “
“	“	3ª “	ascenden	2 “ “ “
FUTBOL 7	División de Honra	1ª División	baixan	4
“	“ “ “	2ª “	ascenden	2 de cada grupo
FUTBOL 7		1ª División	baixan	4
“		2ª “	ascenden	2 de cada grupo
“		2ª “	baixan	4 “ “ “
“		3ª “	ascenden	2 “ “ “

2.12 LICENZAS

a) As licenzas deberán estar cubertas en todos os seus apartados: nome, apelidos e DNI. coa súa letra, e número do dorsal, terán validez pola tempada, e poderán ser renovadas nas seguintes.

b) O primeiro prazo para novas licenzas remata o mércores anterior á **4ª** xornada.

c) O segundo prazo comeza dende o luns posterior á **15ª** xornada ata o mércores anterior á **18ª**.

As datas para darse de alta son só de luns a mércores.

d) Só se permite o uso do DNI, pasaporte ou carnet de conducir orixinal con foto no caso de **forza maior debidamente xustificada.**

e) Se un participante despois de cumprir a súa sanción, o den de alta da súa lesión, ou o facer unha licenza nova, non a retira no prazo de **dez** días e presenta outra documentación unha segunda vez, será sancionado con **un** encontro, no caso de reincidir con **tres** e despois de unha **terceira** vez será **expulsado** dende **unha** a **duas** tempadas.

f) A/s Licenza/s, terá/n que ser recollidas no prazo máximo de **quince** días, no caso de nón retiralas, serán sancionados con **tres** encontros o participante que conste nela e o responsable do equipo.

Calquera integrante do equipo póderá retirar a/s Licenza/s.

g) Cando se sancione a un participante calquera dos delegados, terá que entregar a Licenza do sancionado no prazo máximo de **24 horas** na oficina da organización, **artigo 16 , apartado 1.**

No caso de nón entregala/s en dito prazo, será sancionado o responsable do equipoa, **artigo 6, apartado 35.**

2.13 REVISIÓN DAS LICENZAS

a) A revisión e comprobación das licenzas por parte dos xuíces árbitros ou polos membros da organización, e comités de competición e apelación pódense facer, antes do encontro, no descanso ou despois do remate do mesmo.

b) Calquera negativa por parte dalgún equipo a someterse a dita revisión o a falta dalgún dos participantes no momento de levala a cabo será reflectida na acta do encontro ou nun informe, e terá a consideración de **aliñación indebida**

c) Ao facer a revisión das Licenzas, no caso de dúbidas sobre a identificación dun participante, este terá que presentar o seu DNI, pasaporte ou carne de conducir orixinal con foto para a súa identificación.

Calquera incumprimento do disposto neste artigo 2, deberá ser reflectido polo árbitro na acta do encontro, ou nun anexo para os efectos disciplinarios previstos neste regulamento.

2.14 PUNTUALIDADE

Co fin de comezar o encontro no horario pola organización, o/s equipo/s teñen a obriga de presentarse coa debida antelación.

Establécense **5 minutos de cortesía**, a partir da hora prefixada para o comezo do encontro, unha vez pasado o dito tempo o árbitro pechara a acta e reflectirá nela o/s equipo/s que no/n está/n presente/s.

2.15 VESTIMENTA

a) Os equipos usarán a roupa deportiva descrita na folla de inscrición, será obrigatorio saír ao terreo de xogo debidamente uniformados, pantalóns e camisetas iguais e da mesma cor; no seu lombo figurará un número distinto para os **porteiros/as** e para os **xogador/as** perfectamente visible e adherido, de tal xeito que non poida modificarse no transcurso do encontro. As vestimentas non poderán ter obxectos perigosos, como por exemplo, cremalleiras.

b) Os porteiros deberán empregar outras cores que os distinguan dos xogadores e do árbitro.

c) Os xogadores non poden mostrar camisetas interiores con publicidade e deben de ter manga (fútbol sala e fútbol 7). O equipamento básico obrigatorio non deberá ter mensaxes políticas, relixiosas ou persoais.

d) De usar roupa interior debaixo da camiseta terá que ter a mesma cor, se se usan pantalóns termicos tamén terán que ser da mesma cor que o pantalón.

e) Cando a cor das camisetas dos equipos sexan iguais ten que cambiar obrigatoriamente o equipo visitante.

f) A falta non adecuada da vestimenta será sancionada economicamente, **artigo 19.**

En todos os deportes é obrigatorio que os xogadores ao saír ao terreo de xogo leven a camiseta por dentro do pantalón.

2.16 BALÓNS

Cada equipo ten a **obriga** de presentarlle ao árbitro antes do comezo do encontro, un **balón** regulamentario en boas condicións e que reúna as características aprobadas pola organización. No caso de non presentar balón ou que non sexa válido, será sancionado o delegado no encontro, **artigo 6 apartado 15**, sendo tamen sancionado o equipo economicamente, **artigo 17**.

2.17 BANCOS

a) No banco de cada equipo todos os participantes que non estean xogando terán que **permanecer sentados**. Só poden estar durante o desenvolvemento do encontro os participantes que consten na acta. Os xogadores teñen que estar debidamente uniformados. No caso de que non asista o delegado/a ou delegado/xogador, o xogador que faga as súas funcións non poderá estar uniformado.

b) O/s xogador/es expulsado/s no encontro, con técnica descualificante, dous cartóns amarelos, ou cartón azul ou vermello, non pode/n estar no banco nin polo arrededor.

2.18 ADORNOS, LENTES, APARELLOS

a) Os xogadores non poden xogar con reloxo, pulseiras, aneis, pendentes, *piercing* ou calquera outra clase de xoias que sexan perigosos para eles ou para os demais xogadores. No caso de que un xogador non poida quitar o adorno, terá que cubri-lo con esparadrappo ou con outro material de xeito que non manque a ninguén. **O árbitro non deixará xogar a que non cumpra esta norma.**

b) Os xogadores, que teñan que xogar con: lentes ou calquera aparello dental farano **baixo a súa enteira responsabilidade**, tendo que avisar o árbitro do encontro para que reflicte na acta o seu nome, apelidos e número da súa licenza, o xogador terá que asinar a acta.

A organización, nin o seguro deportivo faranse cargo de calquera accidente no que manquen a alguén o que poida/n sufrír el/es mesmo/s por causa do seu uso.

3 REGULAMENTACIÓN DOS DEPORTES

BALONCESTO

1) A Regulamentación das regras do xogo son as da Federación Galega de Baloncesto, coa salvidade das normas do **artigo 2, apartado 2.10**.

2) No caso de non estar presente o oficial da mesa, o equipo locatario terá que poñer a disposición do árbitro unha persoa cualificada para exercer a súa función. No caso de ser un xogador, poderá exercer a dita función nun período ou nos dous, e non poderá xogar mentres o faga.

3) No caso de que un equipo quede con **4** xogadores no terreo de xogo **só por expulsións persoais**, o xogador que faga de oficial de mesa poderá cambiarse por un dos sancionados. No caso de xogar non cumprindo esta norma, considerarase **aliñación indebida**.

4) Non poderá facer de oficial de mesa, ningún integrante do equipo se esta sancionado con tarxeta técnica no encontro ou polos comités de competición, apelación ou organización.

5) Se o que fai de oficial de mesa é un delegado ou un xogador, terá que presentar a súa licenza ao árbitro do encontro. No caso de ser unha persoa que non pertence ao equipo terá que identificarse co seu DNI.

6) A persoa que faga de oficial de mesa, non poderá facer ningún comentario de carácter técnico cara ao árbitro. O árbitro poderá mandar substituílo cando considere que está interferindo no seu labor.

FÚTBOL SALA

1) Na acta só se poden anotar un máximo de 12 xogadores e delegado/a.

2) No inicio do encontro, os equipos terán que ocupar os bancos situados na súa zona de defensa, tendo que cambiarse no segundo tempo.

3) Cada equipo só ten dereito a un tempo morto de un minuto en cada período do xogo. Os tempos mortos só se concederán estando na posesión do balón. Cando falten só **4 minutos** para o descanso ou para a terminación do encontro, non se poderán pedir tempos mortos.

4) Se un xogador se cambia polo porteiro, terá que levar o número de dorsal que tiña como xogador.

5) Non son validos os goles dende o saque do centro do campo.

6) **Gol marcado**

Se despois de anotarse o gol, o árbitro dase conta de que o equipo que o conseguiu xoga con 6 xogadores ou fixo un cambio mal feito, aplicaranse unha das seguintes regras:

a) Se foi antes do saque do centro, o gol anularase e continuara o xogo con tiro indirecto, dende calquera parte do área, mostrandollese cartón amarela ao infractor.

b) Se xa se quitou do centro, o gol é válido e tarxeta amarela para o infractor.

7) **Faltas sancionadas con libre indirecto**

O porteiro só poderá xogar o balón un máximo de **4 segundos** no seu propio medio campo.

a) Se o porteiro tras xogar ou tocar o balón no seu propio campo despois dun pase de un compañeiro, sen que o balón saise xogado ou tocado polo adversario e dentro do seu medio campo. A gas o rechace do porteiro despois dun tiro do contrario.

b) Si o porteiro toca o balón coas mans na súa propia área de penal, despois de que un xogador do seu equipo o cedase co pé, sí fose fora da área a falta será directa.

c) Pitarase falta indirecta se se tarda máis de 4 segundos, no saque de meta, sacar da liña de banda ou na execución de dunha falta.

8) **Faltas sancionadas con libre directo**

a) Si o executarse un tiro libre directo despois da sexta falta acumulable, este foi lanzado por outro xogador distinto o que previamente identificou o árbitro, procederase da seguinte forma:

O árbitro parará o xogo, amostando o infractor por conduta antideportiva, renaudarase o xogo con tiro libre indirecto a favor do equipo contrario desde o punto onde ia ser lanzada a falta.

b) Se o executar un tiro libre con dereiro a formación de barreira, o adversario eestá máis cerca do balón que a distancia regulamentada, repetirase o tiro, amostandose o infractor, salvo que se poida aplicar a lei da vantaxe, ou se cometa outra infracción sancionable con tiro libre ou penalti.

c) O executar o tiro libre directo, os adversarios teñen que estar a 5 metros do balón.

9) **O saque da banda**

a) O facer o saque da liña de banda, o balón ten que estar inmóbil sobre a devandita liña ou por fóra desta a unha distancia non maior de 25 cm.

b) Se o executar o saque de banda os contrarios no estan a distancia regulamentaria, repetirase o mesmo amostandose o infractor, salvo que se poida aplicar a lei da vantaxe ou cometase unha infracción sancionable con tiro libre ou penalti pola parte do equipo defensor.

10) **O saque da esquina**

a) Se o saque non se executa dentro dos 4 segundos, concederase un saque de meta o equipo contrario.

b) Si o executar o saque, os contrarios están a menos distancia da regulamentada, repetirase o saque, amostandose o infractor/res, salvo que se poida aplicar a lei da vantaxe ou se cometa unha falta sancionable con tiro libre ou penalti.

11) Barreira de protección

- a) A partir da sexta falta non poderan formar barreira de protección. O porteiro ten que estar na súa área, a 5 metros do balón como mínimo.
- b) Os xogadores teñen que poñerse detrás de dunha liña imaxinaria aliñada co balón, paralela a liña de meta e fóra da área e a unha distancia de 5 metros do balón, e non poderán obstaculizar o xogador que executa o tiro libre.
- c) Ningún xogador poderá pasar a devandita liña, ata que o balón sexa golpeado e posto en movemento.

NOTA: A Regulamentación das regras da Federación Galega están, na paxina web www.vide.es, da Fundación Vigo en Deporte (VIDE).

FÚTBOL 7

- 1) Xógase sen fora de xogo
- 2) Existen 3 cartóns: amarelo, azul (expulsión con cambio) e vermello (expulsión sen cambio), o árbitro mostraraos nos lances de xogo merecedores destes.
- 3) No saque dende o centro do campo o gol é válido tanto ao inicio como ao conseguir o gol. Tamen é válido dende o saque da portería.
- 4) Estando o balón en xogo o porteiro poderá saír da área xogando el mesmo, e será considerado como un xogador máis.
- 5) O porteiro **NON** poderá recoller coa man o balón dos seus compañeiros, nin en cesión de xogo, nin en cesión de banda. Considérase cesión se se fai pasándollo balón dende a cintura para baixo.

No caso de reiteración na/s cesión/s o/s xogador/es será/n sancionado/s con cartón amarelo.

- 6) O saque da falta é libre sempre que o balón estea parado e no lugar correcto, excepto apreciación do árbitro ou que se pida barreira (7 metros).
- 7) Se un xogador contrario se coloca diante do balón (menos de 3 metros) e interrompe intencionadamente o normal desenvolvemento do xogo será amoestado con cartón amarelo. Se o lanzador da falta busca deliberadamente provocar o cartón lanzando o balón ao contrario será sancionado con cartón amarelo.
- 8) No caso de producirse unha falta (agás o penalti) dentro da área (xogo perigoso, cesión retención, etc...), o balón lanzarase dende o frontal da área no lugar máis preto ao que se cometeu a falta, a barreira situarase a 7 metros.

4 PETICIÓN DE DATAS, HORARIOS OU APRAZAMENTOS

Polas incidencias que ocasiona a organización e desenvolvemento da competición, non se contemplaran as peticións de datas, cambios de horario ou aprazamento dos encontros. Terá que ser por algo excepcional e ter unha causa de forza maior debidamente xustificada e moi importante para que o Comité de Competición o autorice.

- 1) Só a persoa responsable do equipo ou os outros dous delegados poderán solicitar o cambio de horario ou aprazamento na solicitude que facilita a organización, que se cubrirá en todos os seus apartados e asinada. A solicitude ten que ser entregada antes das **20,30** horas do **luns** anterior a xornada do encontro
- 2) Cada equipo ao longo da tempada só terá dereito a **dous** aprazamentos e **tres** cambios de horario.
- 3) Cando queden só **catro** xornadas para o remate da tempada non se concederá ningún cambio de horario nin aprazamento.

5 NORMAS XERAIS DAS FALTAS

5.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

Considéranse faltas todas as accións ou omisións que se fagan con intención, culpa ou negligencia, con resultado sancionable polo xuíz árbitro, organización e comites.

O ámbito destas normas/regulamento esténdese a infraccións do regulamento e as formas de conduta antideportiva durante a competición “**Vigo en Xogo**”, coa salvidade de que todos os participantes poderán ser sancionados en todo evento, sexa deportivo ou non, que organice a “**Agrupación Deportiva Vigo**”, cando o seu comportamento non sexa o correcto ou vaia en contra das normas establecidas no presente regulamento.

Na clasificación das faltas teranse en conta as circunstancias modificativas de culpabilidade que puidesen concorrer nestas.

5.2 ESPECIFICACIÓNS DAS FALTAS

O grao das faltas atendendo ás circunstancias modificativas destas son as seguintes, leves, graves e moi graves.

1) **Son circunstancias modificativas atenuantes as seguintes,**

- a) Aceptar inmediatamente a sanción que o árbitro impuxo.
- b) Que o infractor amose arrepentimento de forma ostensible e inmediata á acción da falta.
- c) Non amosar solidariedade cos infractores, no caso de sancións colectivas.
- d) Non ter sido sancionado anteriormente.

2) **Son circunstancias modificativas agravantes, as seguintes,**

- a) Non acatar de forma inmediata a decisión do árbitro.
- b) Provocar coas faltas, graves anomalías no desenvolvemento do encontro.
- c) Provocar o apoio tumultuoso ou violento doutras persoas.
- d) Ser reincidente.

5.3 TIPOS DAS SANCIÓNNS

As sancións terán o carácter preventivo, educativo e correctivo que axude ao fomento e desenvolvemento das condutas e espírito deportivo e xogo limpo que debe rexer esta competición. Desta forma salvagardarase a boa organización e o respecto para que os participantes acaten as normas e regulamento da mesma.

Os tipos de sancións tipifícanse en, **amoestacións, suspensións e expulsións.**

6 REGULAMENTO XERAL DAS SANCIÓNNS

1) Todo participante que coas súas verbas en calquera lugar ou acto notorio ou público, así como escritos en calquera medio de difusión público ou privado, sen fundamento nin razón, actuando de mala fe, desprestixie, menoscabe ou atente contra a dignidade da organización, dos membros desta árbitros e colaboradores será sancionado, dende **catro** encontros a **expulsión** dende **unha** a **catro** tempadas.

2) Cando o equipo campión de grupo que ten que xogar o **Torneo de Campións** non poña en coñecemento da organización antes do **xoves** anterior á dita xornada, que non se pode presentar a xogar, será **expulsado** e todos os seus compoñentes do mesmo non poderán participar na seguinte tempada. No caso de non presentarse por causa maior debidamente xustificada, o comité de competición será quen resolva a dita incomparecencia.

3) Cando un equipo que estea a xogar o **Torneo de Campións** se retira do mesmo sen unha causa maior debidamente xustificada, será **expulsado** e todos os seus componentes non poderán participar na seguinte tempada.

- 4) Cando un delegado dun equipo se comprometa co seu equipo a representar á organización en calquera competición allea á competición de “**Vigo en Xogo**”, non presenta ao equipo ou o retira desta antes do seu remate, sen una causa maior debidamente xustificada, todos os compoñentes dese equipo non poderán participar na vindeira tempada.
- 5) Pola falsificación da documentación, **expulsión** do responsable do equipo e do que conste nela dende, **unha a tres** tempadas; poderán tamén ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.
- 6) Polo uso de tacos metálicos **expulsión** do xogador e do delegado no encontro dende **duas a catro** tempadas
- 7) Polo uso indebido do seguro, para unha lesión non acaecida nesta competición “**Vigo en Xogo**”, **expulsión** por **catro** tempadas.
- 8) Por adoptar unha actitude pasiva ou negligente no cumprimento das ordes, decisións ou instrucións do árbitro, oficial da mesa, responsable/s das instalacións deportivas, membros da organización e comités, cando se lle solicite, ou non porse a disposición destes, ou se desatenda destas, dende **dous a dez** encontros.
- 9) Os delegados/as ou delegado/xogador, así como todos os demais compoñentes do equipo son os responsables do comportamento dos seus acompañantes, e poderán ser sancionados polo comportamento dos mesmos, en función da gravidade dos feitos e circunstancias concorrentes, dende **amoestación a vinte** encontros e, dependendo da gravidade dos feitos acaecidos, **expulsión** dende **unha a catro** tempada. Tamén, poderán ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.
- 10) Por permitir que os seus xogadores ou acompañantes incumpran as normas establecidas, respecto ao uso e conservación das instalacións deportivas e sobre o consumo de **bebidas con alcohol, fumar** ou comer **pipas**, o que faga de delegado nese encontro será sancionado dende **tres** encontros a **expulsión** dende **unha a tres** tempadas. Tamén poderán ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.
- 11) Por deixar que os seus acompañantes estean no medio dos campos (**fútbol 7**) mentres está xogándose o encontro, a primeira vez; dende **amoestación a tres** encontros: No caso de ser nenos/as dende **tres** encontros a **expulsión** ata **tres** tempadas, Tamen poderán ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.
- 12) Por deixar que o/s seu/s xogador/es, quece/n co balón/s polas bandas ou no medio dos campos (**fútbol 7**), ou dentro do pavillón mentres estean xogando outros equipos **dous** encontros. No caso de que o/s balón/s interrompa/n o normal desenvolvemento do encontro, **catro** encontros.
- 13) Por deixar que estean no banco o ao arredor, compoñentes do equipo que non consten na acta, que xa estan sancionados, que foran expulsados no encontro, así como calquera outra persoa que non pertenza ao equipo, dende **tres** encontros a **expulsión** dende **unha a tres** tempadas. Tamén poderán ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.
- 14) Por non entregar as licenzas antes do comezo do encontro coa debida antelación, ou no caso de chegar tarde (**minutos de cortesía**) no descanso **un** encontro.
- 15) Por entregar a/s licenza/s do/s xogador/es que no/n este/an presente/s nese momento na instalación deportiva **dous** encontros.
- 16) Por negarse asinar a acta antes do comezo do encontro, e por chegar tarde (**minutos de cortesía**), no descanso ou a finalización do encontro **catro** encontros.
- 17) Por deixar que o/s xogador/es saia/n a xogar indebidamente uniformado/s, ou que cando estea/n a xogar quite/n a camiseta por fora do pantalón, a primeira vez **amoestación** e sanción económica o equipo, artigoa segunda vez **un** encontro.
- 18) Por deixar que o/s xogador/es saia/n a xogar indebidamente uniformado/s, a primeira vez **amoestación** e sanción económica o equipo, **artigo 17**, no caso de reiteración/s **dous** encontros e sanción/s económica/s.

- 19) Pola non presentación dun balón regulamentario ou en boas condicións, **dous** encontros.
- 20) Por deixar que o/s xogador/es que está/n no banco esten de **pé** e non **sentado/s** dende **un** a **catro** encontros
- 21) Por deixar que o/s xogador/es abandone/n o banco sen a autorización do árbitro ou oficial da mesa, **dous** encontros.
- 22) Pola invasión do terreo de xogo, por os seus xogadores, participante/s ou acompañantes o delegado do encontro, será sancionado, dende **tres** a **quince** encontros. O/s xogador/es dende **tres** encontros a **expulsión** ata **dúas** tempadas.
- 23) Polo uso indebido por parte de calquera participante das actas, licenzas o outros documentos da organización, sanción dende **tres** a **cinco** encontros. No caso de ser un acompañante do equipo, será sancionado o delegado do encontro.
- 24) Pola negación a entregar a/s licenza/s dun/s compoñente/s do equipo o árbitro do encontro, membros da organización ou comites, **expulsión** dende **unha** a **tres** tempadas, así como o equipo polo mesmo tempo
- 25) Polo uso incorrecto das instalacións deportivas e/ou o seu mobiliario, non cumprindo as normas de uso destas así como deste regulamento, será sancionado dende, **dous** a **vinte** encontros, e segundo a gravidade dos feitos acaecidos poderá/n ser **expulsado/s** o/s infractor/es e todos os compoñentes do equipo dende **unha** a **catro** tempadas
- 26) Por **fumar**, consumir **bebidas** con **alcohol** e comer **pipas**, nos campos de fútbol 7, pavillóns, bancos e vestiarios, será/n sancionado/s dende **dous** encontros a **expulsión** da competición dende **unha** a **tres** tempadas, poderán tamen ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo
- 27) Por atrasar intencionadamente o comezo ou reinicio do encontro, dende **dous** a **seis** encontros
- 28) Por autoexpulsarse do terreo de xogo **dous** encontros.
- 29) Polas, desconsideracións, menoscabos, protestas, insultos, berros, ameazas, empregar xestos ou actitudes coactivas e ademáns, formular reparos ou observacións pronunciando verbas atentatorias ao decoro ou dignidade, antes, durante o despois da celebración dun encontro, cara ao árbitro, oficial de mesa, compoñente/s do equipo propio ou contrario, público en xeral, responsable/s da/s instalación/s, membro/s da organización ou comités, dende **dous** encontros á **expulsión** dende **unha** a **catro** tempadas, poderán tamén ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.
- 30) Pola incitación os deportistas, acompañantes ou público en xeral e outras actitudes antideportivas, con xestos ou palabras contra o desenvolvemento do encontro dende **tres** encontros a **expulsión** dende **unha** a **duas** tempadas.
- 31) Por xogo perigoso ou violento, dende **dous** a **quince** encontros e segundo a gravidade dos danos causados **expulsión** dende **unha** a **catro** tempadas.
- 32) Polo intento de agresión, ou repelela a mesma, segundo a gravidade dos danos ocasionados dende **dous** encontros a **expulsión** dende **unha** a **cinco** tempadas.
- 33) Por agresión/s dependendo da gravidade dos feitos acaecidos dende **seis** encontros, e **expulsión** dende **unha** a **cinco** tempadas, poderán ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.
- 34) Por negarse a abandonar o terreo de xogo, o banco ou seu arredor, cando sexa expulsado no encontro, dende **seis** encontros á **expulsión** dende **unha** a **catro** tempadas, poderán tamén ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.
- 35) Cando un **delegado/xogador** ou **xogador**, que xoga en dous deportes diferentes sexa sancionado polo árbitro coa **expulsión** (tecnica descualificante, cartón azul ou vermello) no transcurso do encontro; ou sexa sancionado polo comité de competición, organización ou apelación, non poderá xogar na outra modalidade mentres non cumpra a sanción. No caso de xogar o equipo donde xogou se sancionara polo **artigo 9** ou **20**.

36) Por non entregar a/s licenza/s na sede da organización do/s sancionado/s, no prazo establecido no presente regulamento, **artigo 16, apartado 1**, o responsable do equipo será sancionado con **dous** encontros.

37) Por non presentarse sen causa maior debidamente xustificada ante a organización, ou comités de competición ou apelación, no caso de ser convocado **tres** encontros.

A reiteración nalgún destes apartados poderá chegarse a sancionar coa expulsión do infractor dende unha a catro tempadas, poderán ser sancionados todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.

Todas as faltas en contra dos xuíces árbitros, oficiais de mesa, persoal das instalacións, colaboradores, ou membros da organización e comités, serán sancionadas co máximo rigor.

7 SANCIONES POR CARTÓNS

1) Cando a falta cometida durante un encontro sexa penalizada coa expulsión, (**cartón descualificante, baloncesto**), (**vermello, fútbol sala**), (**azul directo** ou **vermello, fútbol 7**), por parte do árbitro, este retirará a licenza do infractor, que se deberá considerar xa **sancionado** para o seguinte encontro. Todas estas sancións poderán verse incrementadas segundo o ditame do comité de competición, quen valorará a gravidade dos feitos polo cal foron mostradas.

2) Todos as cartóns que lles mostre o árbitro aos participantes que estean no banco ou na bancada, serán incrementados co **dobro** do que marque o **artigo/apartado**, aplicado no seu caso.

8 SANCIONES POR ACUMULACIÓN DOS CARTÓNS

Baloncesto (técnicas acumulativas), fútbol sala e fútbol 7. (amarelos).

a)	5	“	Técnicas ou amarelos	1 encontro
b)	8	“	“ “ “	1 “
c)	10	“	“ “ “	1 “
d)	12	“	Fútbol sala “	1 “
e)	14	“	“ “ “	1 “
f)	16	“	“ “ “	1 “

9 SANCIONES POR ALIÑACION DE FEDERADOS, OU DOS SANCIONADOS CUN MAXIMO DE TRES ENCONTROS.

1) Por aliñar algún xogador federado, estea ou non en activo, que non cumpra o **artigo 1, apartado 1.8**, ou aliñar ou constar na acta, un participante que teña unha sanción dende **un a tres** encontros, as sancións serán as seguintes:

Sanción ao responsable do equipo con **dous** encontros e do/s xogador/es con **tres**, no caso de ser o delegado/a ou responsable/xogador o que estivera sancionado, este/s será/n sancionado/s con **catro** encontros. Non prescribendo a/s sanción/s pendente/s incumprida/s, e non podendo solicitar unha permuta.

Perda de todos os encontros no caso de ter gañado ou empatado onde participou o/s infractor/es polo resultado que especifique o deporte correspondente ata a data da resolución do comité de competición. O encontro onde perde o resultado será válido.

Desconto de **6 puntos** na clasificación xeral.

Perda do **75 %** da **fianza**, tendo que repoñer a mesma nun prazo máximo de **7 días**.
Artigo 18 . 1.

2) No caso de reincidir, o equipo e os participantes serán expulsados dende **unha a duas** tempadas.

10 NON PRESENTACIÓNS

Considéranse no presentacións as seguintes:

- 1) Cando transcorridos os **5 minutos de cortesía**, dende a hora prefixada para o comezo do encontro, un ou os dous equipos non estea/n presente/s no terreo de xogo co número suficiente de xogadores.
- 2) Cando un equipo se nega a comezar o encontro ou se retira do terreo de xogo sen causa maior debidamente xustificada.
- 3) Cando un equipo despois de xogar o primeiro tempo, non presentá a/s licenza/s ou outro documento orixinal (DNI, pasaporte ou carne de conducir), da/s identidade/s do/s participante/s.

11 SANCIONES POR NON PRESENTACIONES

- a) Se a competición foi a unha volta, trofeo de copa, ou unha eliminatoria, **expulsión**.
- b) Cando un equipo presentase a primeira vez, con **4** xogadores en **Baloncesto** e **Fútbol Sala** ou **5** en **Fútbol 7**, será sancionado con a perda do encontro polo resultado que especifique o regulamento do deporte correspondente. No caso de que sexan os dous equipos as sancións serán as seguintes: O encontro daráselles con empate a **ceros** e desconto de **1** punto na clasificación xeral a cada un deles
- c) Pola primeira non presentación con un numero inferior de **4** xogadores en **Baloncesto** e **Fútbol Sala** ou **5** en **Fútbol 7**, as sancións serán as seguintes, perda do encontro polo resultado que especifique o regulamento do deporte correspondente, perda da **metade** da **fianza** e desconto de **6** puntos na clasificación xeral. No caso de que sexan os dous equipos as sancións serán as seguintes: O encontro daráselles con empate a **ceros**, perda da **metade** da **fianza** e desconto de **7** puntos na clasificación xeral a cada un deles
- d) Por non querer comezar o encontro ou retirarse do terreo de xogo sen unha causa maior debidamente xustificada, as sancións seran as seguintes, perda do encontro polo resultado que especifique o regulamento do deporte correspondente, perda da **totalidade** da **fianza**, desconto de **10** puntos na clasificación xeral, sanción o delegado do equipo dende **oito** encontros a **expulsión** dende **unha a duas** tempadas.
- e) Por xogar o primeiro tempo e non presentar a/s licenza/s ou outro documento orixinal (DNI, pasaporte ou carne de conducir), da/s identidade/s do/s participantes, as sancións seran as seguintes, perda do encontro polo resultado que especifique o regulamento do deporte correspondente, perda da **totalidade** da **fianza** sanción o delegado no encontro dende **oito** encontros a **expulsión** dende **unha a duas** tempadas e desconto de **12** puntos na clasificación xeral.
- f) A falta só de **catro** xornadas para o remate da tempada, no caso de presentarse un equipo con iinsuficientes xogadores para comezar o encontro, as sanción serán as seguintes: perda do encontro polo resultado que especifique o regulamento do deporte correspondente, perda da **totalidade** da **fianza**, e desconto de **18** puntos na clasificación xeral..
- g) Polas **segundas** non presentacións, **expulsión**.

O comité de competición está facultado para resolver en caso excepcional, as non presentacións, procedendo da seguinte maneira:

Reprogramación ou perda do encontro, sempre que fose por unha causa de forza maior debidamente xustificada.

12 SUSPENSIONES

- 1) Cando un encontro se teña que suspender ou interromper por agresións mutuas ou actitudes antideportivas de algún/s equipo/s ou dos seus acompañantes, antes do comezo ou durante o seu desenvolvemento, procederáse a darlle o encontro por perdido, perda da **totalidade** da **fianza** e desconto de **15** puntos na clasificación xeral o equipo que conste como responsable Serán sancionándose o/s delegado/s ou xogador/es nese encontro, dende **oito** encontros a **expulsión dunha a catro** tempadas; poderán tamen ser **expulsados** todos os compoñentes do equipo polo mesmo tempo.

2) Cando a suspensión é debida á falta dun balón regulamentario en boas condicións o encontro rematará a ceros, descontandolles a cada equipo **catro** puntos na clasificación xeral: serán sancionados os responsables nese encontro **artigo 6** e igualmente os equipos economicamente, **artigo 17**.

3) Cando a suspensión é debida a que un equipo non queira comezar o encontro ou se retira do terreo de xogo sen causa maior debidamente xustificada, terá a consideración de non **presentación**.

4) Cando a suspensión é debida a que un equipo despois de xogar o primeiro tempo, non presenta a/s licenza/s ou outro documento orixinal (DNI, pasaporte ou carne de conducir), da/s identidade/s do/s participantes, terá a consideración de non **presentación**.

5) Se o encontro se suspende por causas de forza maior, condicións atmosféricas ou deficiencias no terreo de xogo; non se volverá xogar se faltan menos de **dez** minutos para a súa finalización. Noutro caso o encontro acabárase xogando o tempo pendente, poderán só aliñar cada equipo aos xogadores que constasen na acta no encontro anterior, serán **excluídos** aqueles que foran **sancionados** como consecuencia dese encontro.

6) Se o árbitro estivese coaccionado coa actitude dalgún dos equipos ou acompañantes, non fora capaz de suspender o encontro ou actuar dun xeito neutral; o resultado final non terá validez, os comités de Competición e Apelación terán a potestade para abrir información sobre os feitos acaecidos e sancionar, se é necesario, ao(s) delegado/s e xogador/es.

13 ACLARACIÓNS E RECLAMACIÓNS

1) O/s equipo/s a través, só do seu responsable, ou por causa de forza maior só por calquera dos outros dous, (delegado/a ou delegado/xogador) poderá presentar por escrito as aclaracións ou reclamacións que xulgue oportunas na defensa dos seus intereses e do equipo ante o Comité de Competición antes das **20,30 horas** do luns seguinte á data do encontro.

2) As aclaracións e reclamacións teñen que se presentar mediante escrito razoado informando sobre os feitos acaecidos, achegando cantos datos e probas consideren oportunas para o maior coñecemento dos feitos. Non terán validez as aclaracións ou reclamacións feitas de forma oral.

3) En ningún caso, expresaranse xuízos de valor, ou descualificacións sobre os árbitros, delegados, comités, organización ou equipo rival; neste caso **desestimárase** a dita aclaración ou reclamación.

4) Ao facer unha reclamación por **aliñación indebida**, o reclamante terá que depositar a cantidade de **10,00.-€** por xogador. **No caso de prosperar a súa reclamación, o depósito será devolto.**

14 RECURSOS

1) O responsable do equipo, ou por causa de forza maior só por calquera dos outros dous delegados, (delegado/a, ou delegado/xogador), poderán interpor recurso ante o comité de apelación das resolucións disciplinarias adoptadas polo comité de competición.

2) O recurso presentarase por escrito e cun depósito de **10,00.-€**, (Se o recurso é conxunto **20,00.-€**) na sede da organización antes das **20,30 horas** do xoves seguinte ao ditame do Comité de competición. **No caso de prosperar o dito recurso, o depósito será devolto.**

Todos os escritos das aclaracións, reclamacións e recursos terán que encabzarse co nome do delegado que o fai, con seu número da licenza, DNI e nome do equipo, tendo que vir sempre asinado.

15 PERMUTA DAS SANCIÓNS

1) Os participantes que foron sancionados só cun máximo de **catro** encontros, poderán solicitar por escrito ante a organización ou comité de competición, a permuta da sanción para facer arbitraxes de Fútbol 7 base, ou outras actividades os sábados ou domingos. **Os/as sancionados/as polo Artigo 9 non poderan acollerse a permuta.**

2) As actividades dan comezo no horario establecido pola organización, rebaixándose dous encontros da sanción por toda a mañá, no caso de estar sancionado con un encontro a actividade será só de media mañá.

3) Se un participante solicita a dita permuta non se presenta, non poderá solicitar outra para a mesma sanción.

16 REGULAMENTO DAS SANCIONES

1) Despois de pórse no taboleiro de anuncios e na páxina web, as decisións do Comité de competición, Apelación ou da organización, calquera dos delegados (responsable, delegado/a ou delegado/xogador), terá que entregar a/s licenza/s do/s sancionado/s no prazo máximo de **24 horas** na oficina da organización. No caso de estar só sancionado por acumulación de cartóns, non é necesario entregar a licenza.

2) As sancións serán cumpridas de maneira estrita nos encontros vindeiros á data do ditame do Comité de Competición ou Apelación.

3) **Todo/s o/s sancionado/s que non termine/n de cumprir a sanción que tiña/n imposta dentro do desenvolvemento da tempada, quedará/n sometido/as á/s seguinte/s.**

17 SANCIONES ECONÓMICAS

a)	Cartóns de técnicas acumulativas e amarelos	1,00.- €
b)	Cartón descualificante, baloncesto	3,00.- €
c)	“ azul, fútbol 7	2,00.- €
d)	“ vermello, fútbol sala e futbol 7	3,00.- €
e)	Falta de uniformidade adecuada, (pantalón diferente)	3,00.- €
f)	Non presentación dun balón regulamentario ou en perfectas condicións....	15,00.- €

18 PAGAMENTO DAS SANCIONES

1) As sancións descontaranse do depósito que os equipos ingresaron para estas. No caso de que un equipo quede só con **10,00.-€** terá que facer un novo depósito no prazo máximo de **7 días** dende que se avisou. **Ao/s equipo/s que no/n cumpra/n o dito prazo, non se lle programará/n encontro/s e daránselles por perdido/s pola mínima diferenza.**

2) O equipo será **expulsado** cando sexa avisado unha **segunda** vez, e non entregue o xustificante do ingreso antes das **20,30** horas do **luns** anterior a seguinte xornada.

3) Despois das resolucións dos comités de Competición ou Apelación, cando un equipo perda o **75 % (artigo 9)** ou a **totalidade** da **fianza**, terá que repoñela no prazo máximo de **7 días**, o equipo que incumpra esta norma será **expulsado**.

19 EXPULSIONS POR ACUMULACION DOS CARTONES

Baloncesto (técnicas acumulativas), fútbol sala e fútbol 7. (amarelos)

a)	3	Técnicas descalificantes (baloncesto)
b)	5	Vermellos fútbol sala
c)	3	Vermellos fútbol 7
d)	5	Azul directas fútbol 7
e)	12	Técnicas acumulativas (baloncesto) Amarelos (fútbol 7)
f)	18	Amarelos fútbol sala

20 EXPULSIONS POR ALIÑACION/S INDEBIDA/S OU CONSTAR NA ACTA

1) Aliñación do delegado/a como xogador/a.

2) Aliñación do xogador/a que estea facendo as funcións de delegado no encontro.

3) Aliñación ou constar na acta dos/as sancionados/as, que teñan mais de **tres** encontros de sanción.

4) Aliñación do/s delegado/s/xogador/es ou xogador/es, que estea/n de baixa polo seguro deportivo.

- 5) Aliñación ou constar na acta do/s participante/s, que falsifique/n a súa licenza ou que xogue/n co/n a/s licenza/s doutro/s.
- 6) Pola aliñación ou constar na nova acta na continuación dun encontro que foi suspendido por causas de forza maior, con o/s participante/s que fora/n excluído/s no encontro ou con outro/s xogador/es que non estaba/n na acta primeira.
- 7) Aliñación de xogador/es, que se poña/n a xogar unha vez comezado o segundo tempo e que non constaba/n na acta.
- 8) Aliñación do/s xogador/es cando cambie/n de camiseta pola doutro xogador que xa estea xogando, sen poñelo en coñecemento do árbitro.
- 9) Aliñación do xogador de baloncesto que estea facendo de oficial de mesa nese período tendo o seu equipo, máis de catro xogadores no terreo de xogo.
- 10) Por negarse a entregar a/s licenza/s do/s compoñente/s do equipo ao árbitro do encontro, membros da organización ou comités ou a falta de dalgún dos participantes no momento de facer a revisión das licenzas.
- 11) Cando un participante non presenta outro documento orixinal, para a súa perfecta identificación en caso de dúbidas, no momento de facer as comprobacións das licenzas.

O equipo que incumpra calquera apartado desde artigo será EXPULSADO da competición e sancionado/s o responsable e o resto dos compoñentes dende unha a tres tempadas.

21 BAIAS E EXPULSIÓNS DE EQUIPOS

- 1) No caso de que algún grupo da 3ª división de baloncesto, 3ª división en fútbol sala, 2ª división de honra no fútbol 7 e 4ª en fútbol 7, quede nas **dúas** primeiras xornadas con menos equipos dos establecidos ao principio da competición (pola retirada ou expulsión), as dita/s baixa/s poderá/n ser cuberta/s con outro/s equipo/s, co fin de que os grupos sexan parellos. No caso de cubrirse a(s) dita/s baixa/s os resultados obtidos polos equipos que xogaron contra eles non terán validez, tendo que xogar de novo o(s) dito/s equipo/s contra o novo/s.
- 2) Toda categoría con equipos expulsados ao longo da segunda volta só se terá en conta a efectos de puntuación a primeira volta do equipo eliminado, anulándose calquera resultado obtido na segunda volta. No caso de equipos expulsados na primeira volta, os seus resultados anuláanse.
- 3) Despois de finalizar a primeira volta se un/s equipo/s se da de baixa ou é expulsado/s, todos os resultados terán validez. No caso de non haber finalizado a mesma todos os resultados, non terán validez.
- 4) A/s praza/s do/s equipo/s que perda/n a súa categoría por non presentación será/n ocupada/s polo/s equipo/s da categoría inferior mellor clasificado/s, manténdose igual os ascensos e descenso. En termos clasificatorios, os equipos expulsados durante a tempada cobren en primeiro lugar as prazas de descenso de cada categoría.
- 5) O equipo que por sancións ou baixas quede con número de xogadores que non lle permita cubrir o mínimo para comezar o encontro, será **expulsado**.
- 6) Unha vez comezada a competición, no caso de **RETIRADA** ou **EXPULSIÓN**, o equipo, e os seus compoñentes, **PERDERÁN TODOS OS SEUS DEREITOS**, e baixo ningún concepto terán dereito á devolución do importe aboado da fianza, do seguro, nin da inscrición.
- 7) A expulsión individual como do equipo, segundo a gravidade dos feitos acaecidos pode ser dende **unha a cinco** tempadas

22 COMISIÓN DE PARTICIPACIÓN

22.1 COMPOÑENTES

Presidente da "Agrupación Deportiva Vigo"
Dous membros da organización

Contra as resolucións adoptadas polo Comité de Apelación non haberá recurso, o seu ditame é inapelable.

25 ÁRBITROS

Os árbitros, como máxima autoridade e xuíz dos encontros deberán dar exemplo, en todo momento ante os participantes, especialmente no seu comportamento persoal e uniformidade.

- 1) O árbitro é a autoridade deportiva única e inapelable na orde técnica para dirixir os encontros.
- 2) As súas competencias comezan no momento de entrar no recinto deportivo e non terminan ata que o abandona, conservándoas polo tanto, durante os descansos, interrupcións e suspensións, aínda que o balón non estea no campo de xogo.
- 3) Tanto os delegados como os xogadores, deben acatar as súas decisións e están obrigados a apoialo e protexelo en todo momento para garantir a independencia da súa actuación e ao respecto debido o exercicio da súa función.

25.1 OBRIGAS

- a) Non poderán pertencer a ningún equipo da competición nin como delegado nin como xogador. excepcionalmente e só por causas de forza maior a organización poderá autorizalo.
- b) Terán que asistir obrigatoriamente ás reunións e aos cursos de actualización que se impartan.
- c) Terán que recoller os nomeamentos (actas), terán que entregalas coas cartolinas onde se reflicten as incidencias do encontro, e os anexos no horario establecido pola organización.
- d) Presentaranse nas instalacións deportivas conha antelación mínima de dez minutos co obxecto de recoñecelas, examinar as súas condicións, inspeccionar os vestiarios e terreos de xogo e comprobar o seu estado e as condición xerais, (liñas, porterías, redes, etc.) anotando no parte de incidencias das instalacións o estado desta.
- e) Cubrirán as actas co número de licenza e nome do delegado/a responsable no encontro e os números das licenzas e dorsais dos xogadores. No caso de que as actas estean xa cubertas cos números das licenzas, apelidos e inicial dos nomes, terán que poñer os números dos dorsais e poñer unha (X) o lado do nome do delegado no encontro.
- f) En ningún caso farán constar na acta ningúnha clase de aclaración ou reclamación por parte dalgún equipo.
- g) Se un encontro comezase atrasado por causas de forza maior ou por os **5 minutos de cortesía**, o dito tempo descontarase sempre no seu transcurso.
- h) Farán as advertencias necesarias aos delegados do encontro para que os xogadores se comporten antes, durante e despois do encontro coa corrección e deportividade debida.
- i) Farán cumprir as normas e regulamentación, respecto as proteccións das canelas, adornos, piercing, lentes, aparellos, dentais e dorsais, e non deixaran xogar ao que non cumpra as mesmas.
- l) Farán cumprir a obriga de que os xogadores nin os acompañantes quenten con balón no medio dos campos (fútbol 7) ou nos pavillóns mentres entean a xogar outros equipos.
- m) Farán cumprir a obriga de que no banco non estea/n o/s xogador/es que non conste/n na acta, o/s expulsado/s, así como outra/s persoa/s que non son do/s equipo/s.
- n) Farán cumprir a obriga de que os membros do equipo e os xogadores que non estean xogando teñan que permanecer sentados nos bancos.
- ñ) Farán cumprir a obriga para que as substitucións dos xogadores se fagan conforme ás regras do xogo.

o) Revisarán os balóns que presenten os equipos, coa esixencia de que reunan as condicións regulamentarias.

p) Prohibirán que entren no terreo de xogo sen a súa autorización, outras persoas que non sexan os xogadores que están xogando.

q) Comprobarán e revisarán as licenzas dos participantes cando a organización ou os comités de competición e apelación o estimen oportuno.

r) Retirarán a/s licenza/s e achegaranas a acta do/s participante/s que forá/n sancionado/s con cartón de técnica descualificante (baloncesto), vermello (futbol sala) e azul directo ou vermello (fútbol 7).

s) No caso de que as inclemencias meteorolóxicas ou por outras causas de forza maior obrigan á suspensión do encontro a acta terá que cubrirse facendo constar as causas polas que non se pudo levar a cabo o encontro. Tendo que permanecer nas instalacións, e pechar unha a unha as actas nas horas previstas para cada un dos outros encontros que tiña que arbitrar.

t) Por petición do delegado responsable do equipo no encontro, cubrirán e asinarán o parte de accidente cos datos do lesionado, entregandollo ao accidentado, facendo constar de que forma levou o golpe e onde, tendo que reflectir isto tamén na acta.

u) Os árbitros poderán atrasar ou adiantar un encontro, por causas de forza maior, ou tomar as medidas que estimen oportunas para axustar o horario establecido pola organización, pero nunca por causa dos equipos, aínda que houberse acordo entre eles.

Os árbitros independentemente dos anteriores apartados, rexeranse tamén pola normativa reflectida no réxime interno sobre a conduta respecto á competición.

25.2 REGULAMENTACIÓN

Os árbitros están obrigados a reflectir na acta (no caso de ser un participante,terán que poñer o número da licenza e do dorsal), todas as incidencias que se produzan nos encontros e de forma expresa o relativo a,

a) Incomparecencia do/s equipo/s, ou que estes non conten co número mínimo de xogadores para poder comezar o encontro: terán que reflectir a hora do feche.

b) Cando lle entregan as licenzas sen a debida antelación ou no descanso.

c) Puntualidade do/s equipo/s (**minutos de cortesía**), tendo que reflectir o equipo que chegou tarde e a que hora comezou o encontro.

d) A negación por parte do delegado do equipo a asinar a acta antes do comezo do encontro, ou no caso de chegar tarde (**minutos de cortesía**) no descanso ou a finalización do encontro.

e) A uniformidade e vestimenta do/s xogador/es que no/n reúna/n os requisitos establecidos neste regulamento e dos xogadores que non saian ao terreo de xogo coa camiseta por dentro do pantalón.

f) A presentación ou non de balón/s e condicións se non valen para xogar.

g) A negación por parte dos participantes de permanecer sentados no banco.

h) A negación de abandonar o terreo de xogo ou banco, o/s participante/s excluído/s no encontro.

i) A presenza de xogador/es, que estean no medio dos campos, (fútbol 7) ou dentro do pavillón quecendo co balón, mentres estea xogando o seu equipo ou outros.

l) A presenza no terreo de xogo dos acompañantes, estean ou non xogando con balón, mentres estean a xogar os equipos, e sen son maiores ou nenos/as.

m) A presenza no banco de persoas alleas aos equipos ou xogadores que non consten na acta ou que estean indebidamente uniformados.

n) A invasión por parte de xogadores ou acompañantes no terreo de xogo.

ñ) A negación por parte dalgún equipo a someterse á comprobación e revisión das licenzas ou á falta de dalgún dos participantes cando se estea a facer a dita comprobación.

o) A negación por parte dalgún participante a mostrar o seu DNI, ou outro documento orixinal para a perfecta comprobación da súa licenza.

p) Dúbdas sobre a validez da/s licenza/s de dalgún (s) participante/s.

q) Todas as condutas e feitos antideportivos acaecidos, antes, durante ou despois do encontro, no campo de xogo, nos bancos dos equipos, nas bancadas, nos vestiarios, e mesmo os producidos fóra da instalación deportiva) protagonizado/s por algún dos participantes ou polos seus acompañantes.

25.3 ANEXOS

Co fin de evitar situacións de tensións, os árbitros poderán facer un anexo á acta do encontro, con posterioridade á finalización e fóra da instalación: terán que reflectir nela que vai facer dito anexo.

O/s equipo/s implicado/s poderá/n dirixirse á organización co fin de coñecer o/s contido/s destes.

26 INCOMPARECENCIA ARBITRAL

1) Cando non se presente o árbitro deberán poñerse de acordo os delegados dos dous equipos para que algún dos presentes aínda que non sexa dos equipos faga a dita función, redactando a acta noutro papel, con todos os datos dos participantes no encontro, delegados, xogadores, número das licenzas e dorsais, goles e incidencias, etc. etc. dita acta terá que ser asinada polos delegados nese encontro.

2) O equipo locatario ten a obriga de entregar a acta na oficina da organización antes das **18,00 horas** do **LUNS** seguinte á data do encontro, sendo válida a todos os efectos, si así o estima o comité de competición. No caso de non entregala no horario da data sinalada daráselle o encontro por perdido, descontándolle **dous** puntos na clasificación xeral.

3) No caso de que non se poñan de acordo os dous equipos, e o encontro quedase sen disputar darase o encontro por empatado, **ceros** a **ceros** a ambos os dous equipos, descontándolles **tres** puntos na clasificación xeral a cada un deles.

4) Todo encontro non arbitrado polo árbitro designado pola organización non será aboado.

27 SEGURO DOS ACCIDENTES DEPORTIVOS

27.1 CONDICIÓNS PARTICULARES

Tomador do seguro “Agrupación Deportiva Vigo” Póliza nº 36246227

Duración, 01/10/2011 - 30/06/2012 Competición “Vigo en Xogo” 2011 - 2012

Compañía aseguradora: **AXA - Seguros**
Tfno. 902.404.084 (24 horas)

Servizo de atención ao accidentado: **Correduría de Seguros: Bessgé**
García Barreras Borrás, S.L.
Correduría de Seguros J - 2693
Policarpo Sanz, 36 – 38, 1º C
36202 - - Vigo
Tfno. 986. 441.169

Centro concertado: **CLINICA NTRA. SRA. DEL PERPETUO SOCORRO**
Rúa Manuel Olivie, 11 (subida ao Castro)
Tno. 986 41 14 66
VIGO

Ambulancia: **AMBULANCIAS DO ATLANTICO**
Tfnos. 986 48 35 25 – 986 41 17 81 – 902 44 40 61

27.2 COBERTURAS POR ASEGURADO

Falecemento por accidente.....6.000,00.- €

Invalidez permanente polo accidente.....12.000,00.- €

Asistencia médico sanitaria, hasta **365** días.....INCLUIDA

Incapacidade permanente por accidente, según baremo das condición xerais da póliza.

27.3 ASEGURADOS

Teñen a condición de asegurados todas aquelas persoas que figuran identificadas, na relación nominal, asinada e selada polo tomador **“Agrupación Deportiva Vigo”** e a **Compañía de Seguros, Axa - Seguros**.

27.4 COBERTURA E RISCOS CUBERTOS

a) Todos os árbitros e xogadores de, baloncesto, fútbol sala e fútbol 7, participantes nas competicións deportivas **“Vigo en Xogo”**, que son organizadas pola **“Agrupación Deportiva Vigo”** teñen unha cobertura de asistencia sanitaria (honorarios dos facultativos, estancia hospitalaria, probas diagnósticas ou exploratorias) que precisen, como consecuencia da/s lesión/s producidas nun encontro, sempre que a dita lesión fose reflectida na acta polo árbitro do encontro.

b) A prestación sanitaria cuberta non terá límite económico, cando se reciba en calquera centro sanitario e/ou facultativo expresamente designados polo asegurador, e prolongárase até un máximo de **dun ano** a partir da data do acaecemento do sinistro.

c) Os traslados do accidentado só en casos de extrema urxencia e sempre que sexan realizados pola compañía das ambulancias concertada polo asegurador.

d) Os gastos debidos a material ortopédico e farmacéutico extra-hospitalario que sexa necesario como consecuencia do accidente.

27.5 ASISTENCIA SANITARIA

a) Nos centros sanitarios e/ou facultativos concertados pola compañía aseguradora.

b) Non é necesario a autorización previa da compañía aseguradora para as, urxencias, e primeira consulta do especialista.

c) Calquera actuación médica posterior á asistencia inicial da urxencia precisará de autorización previa da **compañía aseguradora**

27.6 DECLARACIÓN DOS SINISTROS

1) No caso de lesión/s, o delegado/a do equipo terá que lle solicitar ao árbitro do encontro que a dita lesión a reflecta na acta.

2) O parte da declaración do sinistro atoparase en poder do árbitro do encontro, que deberá cubrir en todos os seus apartados sendo asinado tamén polo accidentado.

3) No caso de que o árbitro non dispoña nese momento dun parte, terán que recollelo na oficina da organización, tendo que entregalo nun prazo máximo de **24 horas** no centro sanitario concertado.

4) Excepcionalmente, naqueles casos nos que a lesión se manifeste días despois da disputa do encontro, o cumprimento do parte relizarao a organización, sempre que a dita lesión fóse reflectida polo árbitro na acta do encontro.

27.7 CUMPRIMENTACION DO PARTE DE ACCIDENTE

- a) Nome do equipo
- b) Todos os datos do/a lesionado/a
- c) Nome do árbitro e DNI.
- d) Os datos de cómo se produciu o accidente.
- f) Sinatura do/a lesionado/a
- g) Sinatura do árbitro

TODOS OS PARTES DO SINISTRO TEÑEN QUE IR DEBIDAMENTE CUBERTOS E ASINADOS

A persoa accidentada terá que levar e entregar no centro sanitario concertado o parte do sinistro, a súa licenza e copia da acta.

27.8 RISCOS EXCLUÍDOS

1) As lesións ou accidentes producidas nos desprazamentos, adestramentos ou competicións alleas das organizadas pola "**Agrupación Deportiva Vigo**".

2) A atención noutra/s centro/s sanitario/s ou facultativo/s, que no/n sexa/n o/s concertado/s polo asegurador.

3) O traslado noutra/s ambulancia/s que non sexa a concertada polo asegurador.

4) Os accidentes derivados do desprazamento dende o seu domicilio aos terreos de xogo ou viceversa.

5) As lesións producidas en caso de desordes orixinadas, antes, durante ou despois dun encontro.

6) Calquera indemnización pola rotura dos lentes, roupa ou calquera outro obxecto, aínda que esta sexa consecuencia do accidente cuberto pola póliza.

7) As enfermidades de calquera natureza, incluso o infarto de miocardio ou derrames cerebrais, como as lesións e outras consecuencias debidas a operacións, inxeccións ou tratamentos médicos, cando non sexan resultado dun accidente.

28 BAIXA E ALTA MÉDICA

Cando ao accidentado que estea de baixa lle dean o alta terá que presentala na oficina da organización, onde se lle devolvera a súa licenza para voltar a xogar.

29 USO INDEBIDO DO SEGURO

1) O uso indebido do Seguro, para unha lesión non acaecida nesta competición “**Vigo en Xogo**”, será sancionada con a **expulsión** do **infractor** e do **responsable** do equipo dende **dúas** a **catro** tempadas.

2) Nin a “**Agrupación Deportiva Vigo**”, nin a compañía aseguradora **Axa - Seguros** faranse cargo de ningún gasto derivado pola asistencia que poidan ter os participantes noutro/s centro/s sanitario/s, ou facultativos, nin polo uso da/s ambulancia/s que non sexa/n a/s concertads/s polo asegurador.

3) No caso de que un participante faga uso de doutro/s centro/s sanitario/s, facultativo ou de doutra/s ambulancia/s que non sexa/n os designados pola Compañía Aseguradora, terá que facerse cargo de todos os gastos orixinados. Se nin o lesionado nin o equipo se queren facer cargo dos gastos, será sancionado o **infractor** e o **responsable** do equipo dende **dúas** a **catro** tempadas, reservándose tanto a **compañía aseguradora** como a “**Agrupación Deportiva Vigo**” o dereito a reclamar os ditos gastos pola **vía xudicial** que estimen conveniente.

30 DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A “**Agrupación Deportiva Vigo**”, como organizadora, resérvase o dereito de modificar na tempada estas normas e regulamento, en prol dun mellor desenvolvemento da competición.

PRÁCTICA O “ XOGO LIMPO “

“**Vigo en Xogo**”, competición recreativa nón federada, non se pode réxer só nas vitorias ou nos trofeos, gañar non é a única finalidade, busca na competición outros valores. O máis importante debe ser participar baixo o principio fundamental de promover sempre o espírito deportivo do “**Xogo Limpo**”.

Esta competición naceu para:

Os e as que aman o deporte.

Manter ou mellorar a saúde a través do deporte.

A práctica da actividade física como hábito saudable.

Impulsar a función integradora e de conexión social a través do deporte.

Fomentar a convivencia entre todos os participantes, e xogar por xogar e o que debe prevalecer nesta competición “Vigo en Xogo”.

Práctica sempre, o “**XOGO LIMPO**”, respectando aos árbitros, oficiais de mesa e opoñentes.

Fai amistades e amigos xogando . Os resultados pasan e os amigos perduran.

Trata de forma amigable e cordial aos teus compañeiros.e aos opoñentes da mesma forma que quiesieras ser tratado.

Sair a xogar para pasar un tempo agradable e para divertirse con teus compañeiros e cos opoñentes e moito mellor que sair a xogar só para gañar.

Controla o teú carácter, non gesticules, e non teñas unha actitude violenta xogando, esta e unha competición para pasalo ben e disfrutar, pensa que os teus opoñentes o terminar o encontro, teñen que cumprir con as súas obrigas. Procura non mancar a ningen.

Os contrarios non son teus inimigos, non fagas de cada encontro unha batalla.

O perder e o gañar, non esta reñido con pasalo ben e disfrutar no xogo.

Xoga polo pracer de xogar e non de gañar

Recorda que o proposito do xogo e a diversión, mellorar as destrezas e sentirte bien

Xoga de acordo coas regras de xogo

Coopera con os teus, compañeros, oponentes,e árbitros, pois sin eles/as no podería ser posible xogar o encontro..

Na procura da vitoria debe ser rexeitada a trampa e o xogo desleal.

Ten un comportamento comedido e de respecto con teus opoñentes. Acepta as vitorias con naturalidade e as derrotas sen acritude.

Co teu exemplo potencia o xogo limpo e a deportividade, contribuindo desa forma á eliminación de situacións de violencia tanto física como verbal

O mantemento e coidado das instalacións deportivas, depende de todos nos, respectaas, e procura deixalas como quixeras atopalas ao chegar.

Os e as espectadoras deben colaborar na consolidación dos valores expostos anteriormente a través de actitudes de respecto aos participantes, árbitros, oficiais de mesa, e sobre todo ao equipo contrario.

Sé un bo deportista aplaudir todas as boas xogadas independentemente de quen as realiza, e un bo estímulo para todos os xogadores, sexan ou non do teu equipo

O labor do árbitro ou do oficial de mesa xa é difícil de por si, colabora evitando por en dubida o seu labor.

Procura non discutir as decisións dos árbitros, pensa que ten que tomar una decisión nuns segundos, e dependendo de onde estea situado, pode ter outra visión do xogo.

Os comites, así como os árbitros, son necesarios para manter a orde, intenta axudar e non destruír.

A organización tén que atender, ademais do voso, a moitos mais equipos, respecta o seu funcionamento.

Para mellorar o funcionamento da competición, existen canles para achegar as vosas ideas.

A organización



CONCELLERÍA
DE
DEPORTES

ALCALDÍA



fundación
V
oia
deporte

vide



“ VIGO EN XOGO ”

COMPETICIÓN DEPORTIVAS E RECREATIVAS NON FEDERADAS

